

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

10652 *Real decreto 950/2018, do 27 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.*

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolveu, mediante a sentenza do 9 de novembro de 2017, a cuestión pre-xudicial formulada polo Xulgado do Social número 33 de Barcelona (asunto C-98/15), en relación coa duración da prestación contributiva por desemprego orixinada pola perda dun traballo a tempo parcial de varios anos de duración, en que a prestación de servizos se realiza só algúns días á semana, o que se coñece como traballo a tempo parcial vertical.

Nestes supostos, para o cálculo da duración da prestación contributiva por desemprego aplícase o establecido no artigo 3.4 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego, que constitúe o desenvolvemento regulamentario a que remite o parágrafo segundo do vixente artigo 269.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro. Segundo este artigo 3.4, cando as cotizacións acreditadas correspondan a un traballo a tempo parcial ou a traballo efectivo nos casos de redución de xornada, cada día traballado computarase como un día cotizado, calquera que fose a duración da xornada.

A aplicación desta previsión regulamentaria supón que, en casos como o que deu lugar á cuestión pre-xudicial, o período computado para o cálculo da duración da prestación non se estenda a todo o tempo de duración do contrato en que o traballador permanece de alta na Seguridade Social, a diferenza do que sucede nos contratos a tempo parcial horizontais, que son aqueles con igual parcialidade pero repartida os cinco días laborables da semana, senón exclusivamente aos días realmente traballados, ben que para ter en conta a parte proporcional dos días de descanso ordinario se multiplican eses días polo coeficiente 1,4.

En relación co anterior, o Xulgado do Social número 33 de Barcelona formulou ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, como cuestión pre-xudicial, se debe interpretar a prohibición de discriminación por razón de sexo, directa ou indirecta, que recolle o artigo 4.1 da Directiva 79/7/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1978, relativa á aplicación progresista do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social, no sentido de que impediría ou se opoñería a unha norma nacional que, como acontece co citado artigo 3.4 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, nos casos de traballo a tempo parcial «vertical» exclúe do cómputo como días cotizados os días non traballados, coa conseguinte minoración na duración da prestación por desemprego.

A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea declara que, efectivamente, o artigo 4.1 da Directiva 79/7/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1978, debe interpretarse no sentido de que se opón a unha normativa dun Estado membro que, no caso do traballo a tempo parcial vertical, exclúe os días non traballados do cálculo dos días cotizados e que reduce deste modo o período de pagamento da prestación por desemprego, cando está acreditado que a maioría dos traballadores a tempo parcial vertical son mulleres que resultan prexudicadas por tal normativa.

Dado que a sentenza do Tribunal de Xustiza do 9 de novembro de 2017 declara de forma inequívoca que o artigo 3.4 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, se opón á norma europea, con independencia do seu efecto vinculante que determina, con carácter xeral, que o criterio nela contido se debe aplicar desde a súa publicación e, polo tanto, se

deberá ter en conta na resolución das solicitudes de prestacións que afecten tal suposto, o que evitará futuros litixios por violación do dereito comunitario, a Avogacía do Estado no Ministerio de Emprego e Seguridade Social, no seu informe do 22 de novembro de 2017, recomenda, para maior seguridade xurídica, a modificación da norma regulamentaria coa maior brevidade.

Por iso, e no que se refire aos termos concretos da proposta de modificación normativa, a mellor forma de garantir que se aplica o mesmo criterio para o cómputo da ocupación cotizada para os efectos de determinar o período mínimo exixible para o acceso ás prestacións por desemprego ou a duración destas, con independencia de que o traballo se realizase a tempo parcial «horizontal» ou «vertical», consiste en facer constar expresamente a devandita circunstancia no texto do artigo 3.4 do Real decreto 625/1985.

Adicionalmente, incorpórase unha precisión sobre períodos que, mesmo estando dentro da duración dun contrato a tempo parcial, non poden ser computados, en coherencia co disposto no artigo 267.1.d) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Dispón o devandito artigo que teñen a consideración de situación legal de desemprego tanto os períodos de inactividade produtiva dos traballadores fixos descontinuos, entre os cales se encontran os que realizan a actividade a tempo parcial de acordo co establecido no artigo 16.4 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, como os períodos de inactividade produtiva dos que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas mediante un contrato a tempo parcial indefinido celebrado ao abeiro do artigo 12.3 do Estatuto dos traballadores.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, responde, como xa se dixo, á obriga de adaptar a normativa nacional á decisión da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, co fin de eliminar a discriminación indirecta mediante a modificación da norma regulamentaria que a provoca. No que concirne aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, a modificación limitábase estritamente a abordar de forma puntual os aspectos controvertidos, de forma precisa e clara, para axustalos ao ordenamento xurídico da Unión Europea, mediante a mellor alternativa posible, a aprobación dunha norma con rango de real decreto.

Polo que se refire ao principio de transparencia, este real decreto someteuse ao trámite de consulta directa ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas. De conformidade co disposto no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, prescindíuse do trámite de consulta pública por canto a proposta normativa se limita a regular un aspecto parcial moi concreto da materia e, ademais, non ten un impacto significativo na actividade económica nin impón novas obrigas aos destinatarios.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.*

O número 4 do artigo 3 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego, queda redactado do seguinte modo:

«4. Cando as cotizacións acreditadas correspondan a traballos a tempo parcial realizados ao abeiro do artigo 12 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, computárase o período durante o cal o traballador permanecese en alta, con independencia de que se traballasen todos os días laborables ou só parte destes e calquera que fose a duración da xornada.

Exclúense do devandito cómputo os períodos de inactividade produtiva a que se refire o artigo 267.1.d) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a lexislación básica e o réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xullo de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social
MAGDALENA VALERIO CORDERO